

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CEIP DE PEDROUZOS.

EXPEDIENTE: 2020/G003/000661

ANTECEDENTES:

Á vista da necesidade por tratarse dun fin institucional propio do Concello de contratar a xestión do servizo de limpeza do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Pedrouzos (en adiante CEIP de Pedrouzos), estimándose nunha duración de dous anos, iniciouse o expediente de contratación, ao que incorporouse a documentación prevista no artigo 116 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

A necesidade que se trata de satisfacer é o servizo de limpeza carecendo o Concello de medios persoais para prestar o servizo.

Visto que con data 23.11.2020 por providencia desta alcaldía dispúxose iniciar o expediente para a contratación sinalada, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta, por procedemento aberto previsto no artigo 156 da LCSP, con varios criterios de adxudicación de ponderación mediante fórmulas, o factor prezo e unha bolsa de horas, e cun valor estimado (prezo sen IVE) de: 113.832,00 euros, e un prezo base de licitación de: 137.736,72 euros, IVA incluído, polos dous anos.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas asinados por esta alcaldía con data 26.11.2020, que se incorporaron ao expediente e que han rexer na adxudicación do contrato.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 117 da LCSP, **resolvo:**

- 1º) Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto do contrato de servizos de limpeza do CEIP de Pedrouzos, ao abeiro do establecido no artigo 156 da LCSP.
- 2º) Adoptar o compromiso de consignar nos orzamentos de 2021 e 2022 os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados desta contratación. En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.
- 3º) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos que constan no expediente.
- 4º) Realizar a licitación mediante publicación de anuncio no perfil de contratante do Concello, debendo presentarse as ofertas **única e exclusivamente de forma electrónica**, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público estatal na que se encontra integrado o perfil de contratante do Concello.